

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

*ORDE do 9 de agosto de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2024/25, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D).*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, e inclúe entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recolle, entre os seus ámbitos de actuación, que a Xunta de Galicia promoverá actuacións conducentes a facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como a ampliación da rede de centros de atención á infancia.

Tendo en conta o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, atribúeselle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o exercicio das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e á adolescencia, así como a promoción e adopción das medidas que aseguren a conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral como medio para garantir un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.

A atención á infancia e o apoio ás familias é unha das liñas estratéxicas de actuación da Xunta de Galicia, articulada a través do Programa de apoio á natalidade (PAN), un programa integral cuxo obxectivo principal é aumentar o benestar das familias galegas mediante diferentes actuacións que se estruturan en tres eixes principais: axudas, servizos e recursos de conciliación.



Neste sentido, o obxectivo da área de conciliación do programa PAN (PAN-Concilia) é crear un ambiente social favorable no cal non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tanto mediante a posta á disposición das familias de recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos, como mediante o fomento da corresponsabilidade no fogar e da implicación empresarial.

Unha das liñas de acción do PAN-Concilia diríxese á universalización do primeiro ciclo de educación infantil, mellorando a accesibilidade deste recurso e constituíndo unha rede galega de centros de educación infantil 0-3 sostidos con fondos públicos, articulada e de calidade, como recurso educativo e de prestación de servizo ás familias galegas.

Na procura deste obxectivo enmárcase a modificación operada a través da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que engadiu no seu artigo 23.seis unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na cal se recollen as actuacións previstas para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos e establece no número 2 que as escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que implantasen para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades opten voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustifiquen, serán compensadas pola consellería competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.

Con esta base, no ano 2020 púxose en marcha unha nova liña de fomento, atendendo a razóns de impulso demográfico e de conciliación, así como de apoio ás familias galegas, para favorecer o acceso á atención educativa 0-3 en condicións de equidade, promovendo que todas elas se beneficien e teñan oportunidades para mellorar ou manter a súa situación de benestar.

Continuando coa consecución dos ditos obxectivos, no ano 2022, e a través do disposto no artigo 29.dous da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, engadiuse un novo número 7 á disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, que establece que, co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022/23, se estenderá o réxime establecido nesta disposición á matriculación do



primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que recolle.

A realización da compensación pola bonificación do 100 % da atención educativa, así como a relativa aos gastos de mantemento dos centros, levarase a cabo a través dunha convocatoria anual de subvencións co fin de axilizar a concesión destas axudas que garantan a calidade na continuidade dun servizo fundamental prestado ás familias polas escolas infantís 0-3 de titularidade municipal.

Así, esta orde de axudas, co ánimo de consolidar esta medida, diríxese, por unha banda, a materializar a contribución da Administración galega ao sostemento dos centros de educación infantil 0-3 anos existentes de titularidade municipal e a fomentar a mellora da súa calidade e, por outra, a compensarlles aos ditos centros o custo que supón a bonificación do 100 % das cantidades correspondentes á atención educativa.

Esta orde, que se tramitará en réxime de concorrencia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, adáptase ao disposto na dita lei, así como ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ao Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como ao disposto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas, e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin ao cal foron establecidos,

#### RESOLVO:

##### Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto establecer, en réxime de concorrencia non competitiva, o procedemento de concesión de axudas económicas para escolas infantís 0-3 anos e puntos de atención á infancia de titularidade municipal (código de procedemento BS420D).



Estas axudas van dirixidas ao sostemento dos referidos centros de educación infantil 0-3 anos existentes e constan de dúas liñas: a liña 1, que financiará gastos de mantemento, e a liña 2, que compensará a aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e matrícula, de ser o caso, das prazas ocupadas polo alumnado de 0-3 anos.

O período subvencionable na liña 1 é o comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de xullo de 2025.

O período subvencionable na liña 2 é o comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de xullo de 2025 pola totalidade do alumnado para aqueles concellos que apliquen a dita bonificación.

2. Para os efectos da aplicación da bonificación do 100 % do prezo, entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estadía na escola infantil 0-3 ou punto de atención á infancia (en diante, PAI) segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular á escola infantil 0-3 ou PAI durante un máximo de 8 horas e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

Exceptúanse da actuación subvencionable o custo do servizo de comedor, as actividades extra á atención educativa, os materiais e calquera outro tipo de servizos e conceptos que supoñan un custo adicional cuantificable para a escola infantil 0-3 ou PAI.

3. Para teren dereito ás axudas reguladas nesta orde, os nenos e as nenas deben ter a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Para os efectos desta orde, considérase que as nenas e os nenos con necesidades específicas de apoio educativo ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte segundo o establecido neste artigo multiplicarase por dous.

## Artigo 2. Financiamento

1. Ás axudas obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de 7.713.400,00 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 38.02.312B.460.01 coa seguinte desagregación:

Aplicación	Código de proxecto	Ano 2024	Ano 2025	Total
38.02.312B.460.01	2017.00127	1.127.272,00 €	1.972.728,00 €	3.100.000,00 €
38.02.312B.460.01	2020.00052	1.677.600,00 €	2.935.800,00 €	4.613.400,00 €
Total		2.804.872,00 €	4.908.528,00 €	7.713.400,00 €



2. De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co previsto no 30.2. do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito e cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

### Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán optar a estas axudas os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que se encontren nos supostos seguintes:

a) Ter en funcionamento unha ou varias escolas infantís 0-3 ou un punto de atención á infancia da súa titularidade que dispoña de permiso de inicio de actividades para a prestación do servizo outorgado pola Consellería de Política Social e Igualdade.

b) Que a escola infantil 0-3 ou punto de atención á infancia pola que solicitan as axudas dispón da documentación que acredita que os nenos e as nenas que asisten a ela/el seguen o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación, de acordo co establecido no artigo 48 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, e teñen a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Que a escola infantil 0-3 ou PAI para a/o cal se solicitan as axudas estea aplicando un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería.

d) Que o concello cumprise, coa súa obriga de remisión das contas xerais de cada exercicio ao Consello de Contas, de acordo co estipulado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



e) Que o concello estea ao día no pagamento das liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

2. Non se poderá obter a condición de entidade beneficiaria destas subvencións cando concorra algunha das circunstancias ou prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Todos os requisitos e condicións exixidos se deberán cumprir na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

#### Artigo 4. *Tipos de axuda e contía*

1. A convocatoria comprende unha liña 1, que financiará gastos de mantemento, e a liña 2 que compensará a aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e matrícula, de ser o caso, das prazas ocupadas polo alumnado de 0-3 anos.

2. A liña 1, referida a axudas para gastos de mantemento, ten como finalidade contribuír a compensar gastos que se produzan e/ou se aboan desde o 1 de setembro de 2024 ao 31 de xullo de 2025 en gastos de persoal, alimentación e outros gastos xerais do centro.

A contía da axuda para gastos de mantemento establecerase en función do número de unidades da escola infantil 0-3 ou do punto de atención á infancia autorizadas que estean en funcionamento na data en que remata o prazo de presentación de solicitudes, segundo os seguintes módulos:

#### **Axuda anual segundo o número de unidades de escolas infantís 0-3 en funcionamento e puntos de atención á infancia**

	Puntos de atención á infancia	Escola infantil 0-3 de 2 a 6 unidades	Escola infantil 0-3 de 7 a 14 unidades	Escola infantil 0-3 de máis de 14 unidades
Contía total por unidade en funcionamento	9.212,00 €	7.000,00 €	6.000,00 €	4.600,00 €

No caso de aumentar ou diminuír o número de unidades en funcionamento no curso 2024/25, o importe da axuda regularizarase no momento da xustificación.

De non estaren en funcionamento todas as unidades o ano completo, aplicarase unha redución proporcional ao tempo en que non se prestou o servizo.



3. As entidades beneficiarias titulares das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia ofertarán o servizo de atención educativa durante un mínimo de 8 horas diarias.

4. No caso de escolas infantís 0-3 ou PAI cun horario de apertura de 14 horas ou superior, a axuda por módulo incrementarase nun 25 %.

5. A liña 2 está destinada a compensar as entidades beneficiarias titulares destes centros pola aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da matrícula, de ser o caso, dos/das nenos/as que asisten aos ditos centros.

As axudas pola aplicación da bonificación do 100 % do prezo da atención educativa estableceranse en función do número de prazas efectivamente ocupadas e terán unha contía equivalente á do prezo mensual que lle correspondería aboar á familia nunha praza pública segundo o previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, e durante un máximo de once (11) mensualidades.

As axudas pola aplicación da bonificación do 100 % do prezo da matrícula serán o equivalente ao recollido na correspondente ordenanza fiscal aplicable para o curso 2023/24, sen que en ningún caso poida superar os 100 euros.

6. A inasistencia do neno ou da nena usuarios da escola infantil 0-3 ou PAI durante un período de cinco (5) días sen xustificar dará lugar á súa baixa para a inclusión no programa da gratuidade na obtención da bonificación da liña 2.

7. No caso de traslados de centro unha vez comezado o mes, a axuda correspondente aboaráselle á entidade beneficiaria titular do centro en que se cause baixa.

#### Artigo 5. *Concorrenza con outras axudas ou subvencións públicas*

1. A percepción das axudas da liña 1 para gastos de mantemento é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

2. No caso de se percibiren outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere os gastos da actividade subvencionada.

4. A percepción das axudas da liña 2 pola bonificación do prezo establecido é incompatible con calquera outra subvención, axuda e ingreso ou recurso, para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

5. Os concellos solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, usando o formulario establecido para o efecto nesta orde, o cal terán que volver achegar actualizado no suposto de variaren as circunstancias inicialmente declaradas.

#### Artigo 6. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Ademais, na epígrafe correspondente do anexo I faranse constar as seguintes declaracións:

a) O conxunto de todas as axudas concedidas para a mesma finalidade que a solicitada ao abeiro desta orde.

b) Que a escola infantil 0-3 ou PAI dispón de proxecto educativo e proposta pedagóxica, de acordo co currículo de educación infantil de Galicia, e que se encontra á disposición da





Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para calquera comprobación que sexa precisa.

c) Que dispón da documentación acreditativa do cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación dos nenos e nenas que asisten á escola infantil 0-3 ou PAI e do requisito de residencia en Galicia respecto dos que acceden á bonificación.

d) Que a escola infantil 0-3 ou PAI está aplicando un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro.

e) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan coa solicitude son certos.

f) Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

g) Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

i) Que o concello solicitante se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. O prazo de presentación das solicitudes será do 1 ao 30 de setembro de 2024. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. No caso de escolas infantís 0-3 ou PAI que obteñan o permiso de inicio de actividades con posterioridade á publicación desta convocatoria o prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir da data de notificación do dito permiso e finalizará, en todo caso, o 30 de novembro de 2024.

#### Artigo 7. *Documentación complementaria*

1. Os concellos interesados deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación específica para a liña 2, destinada á compensación da bonificación do 100 % do



prezo correspondente á atención educativa, referida á relación nominal dos/das nenos/as matriculados na escola infantil 0-3 ou PAI para o curso 2024/25.

Os concellos solicitantes da axuda deberán cubrir a dita relación na aplicación informática Escinf, no enderezo seguinte: <https://escinf.xunta.es/escinfextweb>, con data límite no prazo de finalización de presentación de solicitudes, aquela deberá constar actualizada en todo momento coas altas e baixas do alumnado que se produzan.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberán indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Número de identificación fiscal (NIF) do concello solicitante.



b) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de extranxeiro (NIE) da persoa representante.

c) Permiso de inicio de actividades do centro para o cal se solicita a subvención.

d) Tarifa de prezos, adaptada ao disposto na letra c) do artigo 3.

e) Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias emitida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

f) Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social.

g) Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da entidade interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 10. *Instrución e procedemento de concesión*

1. O procedemento de concesión da axuda é o de concorrencia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. En consecuencia, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes seguindo a orde de presentación das solicitudes de acor-



do co disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e concederá a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito.

2. A instrución do procedemento correspóndelle á subdirección con competencias en materia de demografía e conciliación, quen realizará as correspondentes propostas de resolución.

3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se considerará que desisten da súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos previstos no artigo 21 da dita lei.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, o órgano instrutor realizará, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, e poderá requirirle ao concello solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, para aquelas que reúnan todos os requisitos e acheguen a documentación necesaria solicitarase un informe ao Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar de estaren ao día no pagamento das liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

6. As solicitudes que recollan os datos e a documentación necesaria tramitaranse por un procedemento abreviado en que a proposta de concesión a formulará ao órgano concedente directamente o órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

7. Respecto dos expedientes en que concorran causas de inadmisión, así como de declaración ou aceptación de desistencia ou desestimación, o órgano instrutor formulará a correspondente proposta. En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase a ditar a resolución de inadmisión e ao arquivamento, das solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.



**Artigo 11. Resolución**

1. A resolución dos expedientes de axuda, logo da fiscalización da proposta, facendo uso das facultades conferidas no artigo 7.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade.

Con anterioridade a ditarse a resolución de concesión deberá quedar acreditado que a entidade beneficiaria está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo máximo para resolver e notificar é de catro meses, contados a partir do día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no Rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

3. A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

**Artigo 12. Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector pú-



blico autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 13. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas que se ditén ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación, se esta for expresa, ou seis meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### Artigo 14. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión. Igualmente, procederá a modificación da resolución cando se dean as circunstancias previstas no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

2. Nas axudas da liña 1, destinada a financiar gastos de mantemento, poderá modificarse a resolución inicial cando existan variacións no número de unidades en funcionamento durante o período de aplicación desta convocatoria. No suposto de diminución ou aumento do número de unidades en funcionamento, ditarase a resolución complementaria ou revogatoria que corresponda con respecto á resolución inicial.



3. Nas axudas da liña 2, compensación da bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa, poderá modificarse a resolución inicial cando existan variacións no número de prazas ocupadas durante o período de aplicación desta convocatoria. Para estes efectos, terase en conta:

a) Se a contía resultante é superior á concedida, ou se inicialmente non houberse prazas ocupadas que desen dereito a bonificación pero si posteriormente, poderán ditarse resolucións complementarias pola contía que corresponda nos termos previstos no artigo 4.

b) No caso de que a contía total calculada pola certificación final de ocupación resulte inferior á concedida, ditaranse as resolucións revogatorias que procedan.

c) As modificacións da concesión inicial realizaranse tendo en conta que a axuda por bonificación da atención educativa se calcula mensualmente, excluído o mes de vacacións do/da neno/a.

d) As resolucións complementarias están supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente e á solicitude da entidade de modificación da resolución de concesión, coa cal achegará o certificado de ocupación actualizado.

#### Artigo 15. *Xustificación das axudas*

1. As entidades beneficiarias, con base no establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos artigos 44 e 52 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, e tendo en conta o obxecto e a natureza destas axudas, deberán achegar coa solicitude final de pagamento e de concesión complementaria, nos supostos recollidos no artigo 14.3 a) (anexo II), e con data límite do 31 de xullo de 2025, a seguinte documentación:

a) Xustificación anual da liña 1, referida ás axudas para gastos de mantemento, a certificación do número de unidades en funcionamento do centro durante o curso 2024/25 no caso de haber variación respecto das declaradas na solicitude.

b) Xustificación anual da liña 2, referida á compensación da bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e matrícula, de ser o caso:

1º. Solicitude de pagamento (anexo II) e de concesión complementaria nos supostos recollidos no artigo 14.3.a).



2º. Relación nominal dos/das nenos/as que asistiron á escola infantil 0-3/puntos de atención á infancia, con indicación das horas diarias, os meses de asistencia e o importe que se vai bonificar, desde o 1 de setembro de 2024 ao 31 de xullo de 2025, que deberán ter cuberto na aplicación informática Escinf, no enderezo <https://escinf.xunta.es/escinfextweb>.

2. A Consellería de Política Social e Igualdade poderá comprobar os xustificantes que considere oportunos respecto do importe total da actividade subvencionada e que permitan obter unha evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención.

### Artigo 16. *Pagamento*

1. As entidades beneficiarias das axudas percibirán un pagamento anticipado do 100 % das cantidades correspondentes á primeira anualidade da liña 1 e da liña 2, se procede, que se fará efectivo a partir da notificación da concesión. Este importe deberá xustificarse, en todo caso, con gastos realizados na mesma anualidade.

2. Na anualidade 2025 librarase un pagamento anticipado de ata o 90 % da subvención que corresponda á dita anualidade da liña 1 e da liña 2, se procede, segundo o establecido na resolución de concesión.

O importe restante librarase unha vez xustificadas os gastos e/ou o número de prazas ocupadas polos/as nenos/as matriculados para os cales se concedeu a axuda, nos termos establecidos no artigo 15.

3. A percepción destes pagamentos en concepto de anticipo queda exonerada da constitución de garantías.

### Artigo 17. *Prezos*

Os concellos solicitantes da axuda prevista para a liña 2 acreditarán que están aplicando un réxime de prezos equivalente ao regulado polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, coas actualizacións publicadas da variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos seguintes termos:

a) Para a atención educativa establecerase o importe do prezo máximo que se vai aboar en función da renda e das circunstancias da unidade familiar, ao cal se deberán aplicar as reducións, descontos e exencións que se recollen no dito decreto.





b) Para o servizo de comedor poderán percibir das persoas usuarias o importe do prezo máximo unitario equivalente ao establecido no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro.

c) Para a matrícula poderán percibir, en relación coas persoas usuarias, o importe do prezo da matrícula que estea recollido na ordenanza fiscal correspondente ao curso 2023/24, cun límite máximo de 100 euros.

#### Artigo 18. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ademais, especificamente, a:

Manter actualizados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais todos os datos exixidos pola normativa de aplicación e, nomeadamente, a relación nominal de traballadores/as, o rexistro de persoas usuarias, a tarifa de prezos e as prazas vacantes.

Asegurar o cumprimento do proxecto educativo na/s escola/s subvencionada/s.

Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade.

Facilitar a inspección e o control dos órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade respecto dos centros subvencionados. Estes órganos comprobarán especialmente o cumprimento da asistencia dentro do horario reflectido na relación nominal de nenos/as indicada no último parágrafo do número 1.a) do artigo 7.

Ter á disposición da Consellería de Política Social e Igualdade a documentación acreditativa de que todos os nenos e nenas matriculados na escola infantil 0-3 ou PAI cumpren o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación e teñen a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Asegurar na prestación do servizo de comedor que se proporciona unha dieta equilibrada e axeitada á idade dos nenos e nenas e poñer á disposición dos pais e das nais a relación semanal de menús.

Cumprir cos contidos exixidos para o proxecto lingüístico, de acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.



Cubrir e ter actualizada na aplicación informática Escinf no enderezo <https://escinf.xunta/escinfextweb>, a relación do alumnado que asiste á escola infantil 0-3 e/ou punto de atención á infancia.

Aplicar a bonificación do 100 % do custo por atención educativa a todos/as os/as nenos/as que asistan á escola infantil 0-3 ou PAI, así como a matrícula, de ser o caso, e conservar á disposición da Consellería de Política Social e Igualdade a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para ter acceso á dita bonificación.

Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Dar a adecuada publicidade das axudas percibidas a través do taboleiro de anuncios do centro e da páxina web, no caso de que dispoñan dela.

#### Artigo 19. *Incumprimento, revogación e reintegro de axudas*

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das seguintes obrigas:

a) Cando se obtivese a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o terían impedido.

b) Cando se incumpran totalmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non se adopte o comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Cando se incumpra totalmente a obriga da xustificación da subvención.

d) Por resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como polo incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



2. Procederá o reintegro parcial proporcional ao grao de incumprimento nos seguintes supostos:

a) Cando se incumpran parcialmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou se adopte de xeito parcial o comportamento que fundamentou a concesión da subvención, entre o 2 % e o 50 % da axuda percibida, en proporción ao período do ano en que se produza o incumprimento.

Nos supostos en que a actividade presencial se vexa afectada por indicación da autoridade sanitaria por tempo superior a un mes, procederá o reintegro do 2 % da contía da axuda percibida en proporción ao período de tempo que corresponda.

b) No caso de xustificación insuficiente segundo os termos do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro das cantidades non xustificadas ou xustificadas insuficientemente.

c) Cando se incumpra a obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no artigo 18, procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida.

d) Cando se dea algún incumprimento do resto das obrigas recollidas no artigo 18, procederá o reintegro de entre o 2 % e o 80 % da axuda percibida, de xeito proporcional ao grao de incumprimento, tendo en conta a súa duración e o alumnado afectado.

3. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

4. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os números anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

5. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as entidades beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82-2080-0300-87-3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



**Artigo 20. *Infraccións e sancións***

Ás entidades beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

**Artigo 21. *Control e verificación***

Todas as axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

**Artigo 22. *Transparencia e bo goberno***

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

**Artigo 23. *Información ás persoas interesadas***

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código BS420D, poderase obter documentación normalizada ou información no enderezo <https://sede.xunta.gal>, na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, ou do portal da Consellería de Política Social e Igualdade, <https://www.xunta.gal/politica-social>, do teléfono 012 ou no enderezo electrónico [demografiaeconciliacion@xunta.gal](mailto:demografiaeconciliacion@xunta.gal)

**Disposición adicional primeira. *Límite das axudas***

A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para estes fins e respectando, en todo caso, a realización das actuacións



subvencionables dentro do exercicio económico correspondente, de conformidade co establecido no artigo 1.

Disposición adicional segunda. *Base de datos nacional de subvencións*

A consellería transmitirá á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Disposición adicional terceira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación das facultades para a concesión destas subvencións a favor da persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ao abeiro do establecido no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para ditar os actos e instrucións necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2024

Fabiola García Martínez  
Conselleira de Política Social e Igualdade



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO E FOMENTO DA GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS NENOS E NENAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL</b>	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO <b>BS420D</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>	
ENTIDADE LOCAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			
<input type="text"/>			

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - <a href="https://notifica.xunta.gal">Notifica.gal</a> ( <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> ). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviáranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de <a href="https://notifica.gal">Notifica.gal</a> : TELÉFONO MÓBIL      CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/> <input type="text"/>
--

<b>DATOS BANCARIOS</b> Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada. TITULAR DA CONTA      NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) <input type="text"/> IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
---

<b>LIÑAS SUBVENCIONABLES PARA AS CALES SOLICITA AXUDA</b> <input type="checkbox"/> Liña 1. Financiamento de gastos derivados do mantemento da/s escola/s infantil/s 0-3/ punto de atención á infancia. <input type="checkbox"/> Liña 2. Aplicación dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa e matrícula.
---

<b>DATOS DA ESCOLA INFANTIL 0-3 OU PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA</b> NOME      Nº DE REGISTRO      Nº DE UNID. EN FUNCIONAMENTO <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> TELÉFONO 1      TELÉFONO 2      CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
Cúbrase un cadro destes por cada escola infantil 0-3 ou punto de atención á infancia de que dispoña o concello.



**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

- 2. Que a escola infantil indicada dispón de proxecto educativo e proposta pedagóxica, de acordo co currículo de educación infantil de Galicia, e que se encontra á disposición da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para calquera comprobación que sexa precisa.
- 3. Que dispón da documentación acreditativa do cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación dos nenos e nenas que asisten á escola infantil e do requisito de residencia en Galicia respecto dos que acceden á bonificación.
- 4. Que a escola infantil está aplicando un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro.
- 5. Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan coa solicitude son certos.
- 6. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 7. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 8. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, comprométese a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente calquera cambio ou modificación e cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Permiso de inicio de actividades do centro para o cal se solicita a subvención	<input type="checkbox"/>
Tarifa de prezos, adaptada ao disposto na letra c) do artigo 3	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>
NIF da entidade local solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

CVE-DOG: qibox785-zfv8-zat8-dyr0-rhfheizdo8g8



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )
<b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Orde do 9 de agosto de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2024/25, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D).</li> </ul>	
<b>SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE</b>	
Lugar e data	<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

CVE-DOG: qibox785-zfv8-zat8-dyr0-rhfheizdo8g8





**XUNTA  
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE**

ANEXO II

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

BS420D - AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO E FOMENTO DA GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS NENOS E NENAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>	
ENTIDADE LOCAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			
<input type="text"/>			

NOME DA ESCOLA INFANTIL 0-3/PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA:	<input type="text"/>
---	----------------------

<b>SOLICITA:</b>
<input type="checkbox"/> QUE SE ABOE O 10% DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO PERÍODO XANEIRO-XULLO DA ANUALIDADE 2025.
A CONCESIÓN COMPLEMENTARIA E O ABOAMENTO DA BONIFICACIÓN DO 100 % DA ATENCIÓN EDUCATIVA E DA MATRÍCULA, DE SER O CASO,
<input type="checkbox"/> POLO IMPORTE EQUIVALENTE AO INCREMENTO QUE CONSTA NA APLICACIÓN SCINF DEBIDO AO AUMENTO DO NÚMERO DE PRAZAS OCUPADAS NA ESCOLA INFANTIL 0-3/PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:</b>
Documentación para a liña 1 das axudas:
<input type="checkbox"/> Certificación do nº de unidades en funcionamento durante o curso 2024/25 no caso de haber variación respecto das declaradas na solicitude.

<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT.	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON




**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE**
**ANEXO II  
(continuación)**

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 
